

## A CIG-Ensino non asina as táboas salariais do sector das autoescolas, carentes de negociación real, porque supoñen seguir afondando na perda de poder adquisitivo

*No BOE do 13 marzo de 2019 publicáronse as táboas salariais de autoescolas, logo do acordo do 30 de xaneiro de revisión salarial para os anos 2017-2018 e 2019, asinado por parte da patronal CNAE, xunto cos sindicatos CCOO, UGT e USO.*

O acordo produciuse sen ningún tipo de negociación previa (só se presentou a nosa proposta salarial pola parte social) e deu por boa a primeira e única proposta feita pola patronal, nos termos seguintes:

### Ano 2017 e 2018 - CONXELACIÓN

**Ano 2019** - Subas porcentuais distintas, sen recuperación da perda de poder adquisitivo real, pois limitábase a **adaptacións ao novo SMI** na maioría das categorías e incluso con complementos que serán absorbibles no futuro, por non acadar os 900€ de salario.

A CIG-Ensino fai unha valoración moi negativa deste acordo salarial. En sete anos, o persoal das autoescolas levaba perdido un 4,9% con respecto ao IPC, moita porcentaxe en pouco tempo e en salarios moi cativos. A CIG estaba disposta a negociar a nosa proposta, pero non a axeonllarse diante da patronal. Ademais de **non cobrar a retroactividade** dos anos 2017 (IPC = 1,1%) e 2018 (IPC = 1,2%), a perda de poder adquisitivo sobe desde un 2,3%, **até o 7,2%**. Unha porcentaxe que na maioría das categorías non se recibe e nas que si se recibe ou se supera é por adaptación á normativa legal (R.D/lei do SMI).

Proposta salarial da CIG-Ensino defendida na mesa de negociación:

**Incrementos salariais 2017 e 2018:** Dado que o sector tivo anos de CONXELACIÓN SALARIAL desde a sinatura do XXII convenio actual (2010, 2011, 2012, 2013 e 2014), coa escusa da crise económica, e que durante as subas dos anos 2015 e 2016 houbo unha



perda de poder adquisitivo dun 0,3% (polo que non as asinamos) entendemos que se debe **recuperar a perda de poder adquisitivo, que se eleva ao 4,9%**; ademais de **aplicar os IPC reais 2017 (1,1%) e 2018 (1,2%)**, pagando os atrasos correspondentes.

A nosa proposta para 2017 e 2018 sería a **suba como mínimo do 1,1% e do 1,2%** respectivamente de todos os conceptos salariais sobre as táboas do 2016. Aos salarios que sexan iguais ou superiores ao Salario Medio galego (18.000€) aplicaráselle directamente estas porcentaxes acordadas por ano, pero aos salarios que estean por debaixo desta contía aplicaráselle a suba lineal da cantidade que se incrementa aos que teñan o salario medio, é dicir, serían unhas **subas lineais para todos**, pois ningunha categoría está por riba do salario medio, **de 198€ e 216€ por ano, respectivamente para 2017 e 2018**. Estas % tamén se aplicarán a todos os complementos do convenio.

**Incrementos salariais 2019:** Suba como mínimo **do 5%** sobre todos os conceptos salariais das táboas en vigor do 2018 resultantes da regularización anterior, para todos os salarios iguais ou superiores ao Salario Medio Galego. Para os que estean por debaixo deste salario medio aplicarase unha suba lineal, a todos eles, da cantidade incrementada

aos que teñan o salario medio galego, é dicir, **940 euros ao ano. Este 5% tamén se aplicará a todos os complementos do convenio.**

Por suposto algunhas categorías terían que subir máis porcentaxe por adaptación ao SMI.

Desta forma garantiríamos que se recuperara unha parte do poder adquisitivo perdido e acumulado desde a publicación do convenio actual, que como dixemos era do 4,9%, quedando así para futuras táboas salariais a recuperación total de dita perda acumulada.

### TÁBOAS SALARIAIS PARA 2017 E 2018

CATEGORÍA	SALARIO BASE	ANTIGÜIDADE/ TRIENIO	PLUS TRANSPORTE (2)
Director	1003,01 €	38,10 €	38,49 €
Profesor	937,33 €	34,33 €	38,49 €
Oficial Adm.	846,64 €	25,29 €	38,49 €
Auxiliar Adm.	748,84 €	25,29 €	38,49 €
Aspirante	(1)	16,38 €	38,49 €
Mecánico	779,32 €	25,29 €	38,49 €
Condutor	779,32 €	25,29 €	38,49 €
Limpeza	660,43 €	25,29 €	38,49 €

(1) Retribución como contrato formación do art. 6 do convenio (2) só meses que se traballen, non vacacións nin baixas.

### TÁBOAS SALARIAIS PARA 2019

CATEGORÍA	SALARIO BASE	ANTIGÜIDADE/ TRIENIO	PLUS TRANSPORTE (2)
Director	1003,01 €	38,10 €	38,49 €
Profesor	990,00 €	34,33 €	38,49 €
Oficial Adm.	900,00 €	25,29 €	38,49 €
Auxiliar Adm.	840,00 €	25,29 €	38,49 €
Aspirante	840,00 €	16,38 €	38,49 €
Mecánico	840,00 €	25,29 €	38,49 €
Condutor	840,00 €	25,29 €	38,49 €
Limpeza	840,00 €	25,29 €	38,49 €

As patronais propuxeron eliminar do convenio o **artigo 19 – Premio por xubilación**, ao que dende a Cig-ensino nos opuxemos e as demais OO.SS. accederon a cambio doutras melloras, que quedaron pendentes de negociarse o 9 de abril nunha nova mesa negociadora.

**Por salarios dignos... Non colaboredes con quen vende os vosos dereitos!**

**¡CONVOCÁDE ELECCIÓNS SINDICAIS E ORGANIZÁDEVOS PARA TERDES VOZ!**

**CIG-ENSINO, a única forza sindical galega independente, reivindicativa e participativa.**